

RESUMO VIAXE A PORTUGAL ABRIL-MAIO 20023

Unha vez que a directiva nos pediu que organizáramos unha viaxe a Portugal para este ano, axiña tivemos claro que queríamos combinar pequenas e bonitas rutas en espazos naturais pola mañá e visitas a lugares históricos pola tarde, evitando, no posible, grandes desprazamentos en autobús. Tamén, coa intención de “diminuír” os imprevistos, lugares coñecidos de sobra por nós, coa excepción do segundo día.

O PRIMEIRO DÍA saíu de acordo como tiñamos previsto: parada nas espectaculares ruínas da Escusalla, famosas polas súas pantasma e nas que puidemos comprobar como ata os máis recios muros, son engulidos pola natureza se non hai intervención humana.

Despois fomos a Lindoso, unha vila medieval que é un exemplo de beleza etnográfica. Co seu castelo desde as orixes do Reino de Portugal e, sobre todo, cos seus 64 espigueiros situados xunto dunha aire comunal lastrada con grandes pedras de cantería. Un conxunto harmónico entre as construcións e o seu entorno granítico que constitúen un monumento á memoria do traballo colectivo e da riqueza etnográfica das montañas do norte de Portugal.

Logo de xantar, fomos para o hotel e, pola tarde, a Ponte de Lima, a “vila máis antiga de Portugal”. Unha das poboacións con máis encanto do norte de Portugal, con moitas casas medievais e antigos edificios relixiosos. Aquí construíron os romanos unha ponte no ano 1 a. C. que foi o punto principal para cruzar o río desde entón.

O SEGUNDO DÍA fomos a Sistelo (o pequeno Tíbet portugués declarado monumento nacional en 2017). A idea era facer o “**trilho dos socalcos**” de 5 km e dificultade moderada combinada co “**dos passadiços**” de 2 km e fácil). Non coñecíamos o sitio, pero si a xente que a fixera, ten moi boas opinións, e din que está moi ben sinalizada... Chegamos a Sistelo por unha estrada moi fermosa, pero tamén moi sinuosa, típica de montaña, e pasando ao lado de petos de ánimas, fontes, espigueiros e casas de pedra, axiña fomos ata a praza da aldea onde aparecen as indicacións para moitos “trilhos”. Seguindo as indicacións dos “socalcos” pronto nos vemos baixando unhas escaleiras cara o río Vez que non parecen ter fin e chegamos ata a ponte metálica que cruza o río. A ruta divídese e non hai indicacións, non chega internet e o track de Wikiloc que tiñamos descargado non vai, así que usamos o comodín do público: para a esquerda.

Comezamos a camiñar por unhas pasarelas nun entorno moi bonito, pero canto máis avanzamos máis nos convencemos de que nos indicaran o camiño erróneo, cousa que se confirma máis adiante cando encontramos sinais de que imos polo “trilho dos passadiços” o que nos tranquiliza, non pasa nada, completámolo e comezamos co dos socalcos.

Pero o trilho é máis difícil do previsto, un camiño empedrado entre socalcos de viñas abandonadas e con moita pendente. Menos mal que ao pouco aparece unha “saída de emerxencia” que nos leva á aldea e pola que se desvía unha parte do persoal. O resto seguimos subindo ata acadar unha boas vistas do conxunto. Aquí parece que o tempo foi para atrás, do inmenso traballo daquelas persoas para facer que o terreo fose produtivo só se conserva o aspecto estético. E voltamos que é hora de ir xantar. Despois de todo, foi un acerto terse equivocado.

Pola tarde fomos de visita a Ponte da Barca, outra vila situada á beira do río Lima, cunha ponte medieval que lle dá nome e tamén chea de historia.

O TERCEIRO DÍA tiñamos previsto facer 5 km do “**trilho dos canos de água**” partindo da Capela de São Mamede e pasando por canos de água e acuedutos ata chegar ao santuario de Santa Luzía, onde, segundo o National Geographic, están as terceiras mellores vistas do mundo. Pero faltando pouco máis de 3 km, o autobús non puido seguir e aínda que unha parte quería seguir a pé, era complicado porque estabamos practicamente ao nivel do mar e tiñamos que chegar aos 325 m de altitude: unha pendente superior ao 10%.

Así que utilizamos o plan B, visitar o santuario e a citânia de Santa Luzía, un castro moi importante do norte de Portugal. Despois o bus levounos a Viana do Castelo onde xantamos e pola tarde visitamos esta bonita cidade tan ligada ao mar e á pesca do bacalhau, chea de palacios e edificios relixiosos de moi diferentes estilos arquitectónicos: manuelino, renacentista, barroco, modernista...

E O CUARTO DÍA, xa de volta, viñemos percorrer o **“trilho dos passadiços”** de Melgaço, integrado nos **“Percursos marginais do Minho”**. Aquí saíu todo como estaba previsto, unha baixada espectacular ao pé do Ribeiro do Porto, logo as pasarelas a carón do Miño e, por último, un paseo entre viñas de albariño ata chegar ao Balneario das Termas do Peso, unha marabilla de finais do século XIX.

Durante o percorrido houbo un momento de dúbida (por arriba? por abaixo?) porque non vos podeades imaxinar o diferente que é esta ruta de facela no outono (cando fomos nós) a facela na primavera. Aínda que nos sexa difícil de comprender para os que vivimos a carón do mar, aquí aínda se conservan as catro estacións na súa plenitude.

Tivemos “dous bonus” neste día, por un lado, puidemos ver a persoas traballando nas pesqueiras da lamprea e, por outro, o restaurante, situado en Castro Laboreiro, unha aldea de Melgaço. En poucos quilómetros pasamos de estar a menos de cen metros sobre o nivel do mar a case mil. Aquí o entorno non tiña nada que ver, todo era granito, e alá no tope, as murallas dun castelo con visión 360°, unha marabilla. Aínda que estamos seguros de que Cándido, o chófer, non opinará o mesmo porque a estrada era moi estreita e virada. Aproveitamos para darlle as grazas por tanta paciencia como tivo con nós.

Moitas grazas tamén a José Antonio, que se encargou de buscar hotel e restaurantes, e, por suposto, a vós que tivestes con nós toda a comprensión do mundo nos momentos de dúbida.

Para terminar, recordarvos que practicamente toda a nosa viaxe estivemos a carón do río Lima que, de acordo coa mitoloxía grega, era o “río Lete” que significa río do Esquecemento. O xeneral Décimo Junio Bruto demostrou hai máis de 2000 anos que non era verdade, pero nós agardamos que **disfrutarades da viaxe e vos esquecerades das rutinas e dos problemas cotiás.**

Marina e Fernando